



Bases para a instalación dos postos, os días 13 y 14 de Maio en XVIII edición da “Festa da Brincadeira” de Bouzas

INDICE

- ❖ Anexo I: Convocatoria e solicitude de preferencia.
- ❖ Anexo II: Ficha de inscrición.
- ❖ Anexo III: Declaración responsable para a venda ambulante e para a montaxe de postos, carpas ou quioscos.
- ❖ Anexo IV: Declaración responsable sobre as condicións hixiénicas e técnico-sanitarias para a actividade de restauración ou venda de alimentos de carácter temporal.

1. Os postos

Correspóndelle á organización a designación dos postos, conforme o espazo dispoñible e as características destes (tamaño, actividade..). Ningunha empresa poderá optar a un posto que non se corresponda coa súa propia actividade comercial.

- **Artesanía:** cada posto dedicado á venda de artesanía fará unha achega para a axuda dos gastos da organización de 138€ (100€ en colaboración da festa e 38€ en concepto de punto de luz, 100w por posto) As dimensións do posto serán de 2 metros de lonxitude por 2 metros de fondo.
- **Hostalaría:** os postos de hostalaría farán unha achega para a axuda dos gastos da organización de 378€ (200€ en colaboración coa festa, 78€ en concepto de punto de luz, 500w por posto, e 100€ en concepto de fianza) As dimensións do posto serán de 2 metros de lonxitude por 2 metros de fondo.
- Cada metro adicional sexa tanto de longo como de largo, será de **15€ por cada metro adicional**.
- O número de conta será ES10 2080 5016 0030 4003 5126 Abanca, sendo titular a Asociación Amigos da Historia de Bouzas.
- Os postos que comercializan alimentos quentes susceptibles de verter calquera líquido aceitoso ou similar, deberán protexer con material impermeable e resistente á calor toda a superficie ocupada polo posto cun largo de 1,50 metros.
- Todos os postos contarán cun recipiente de lixo e ao terminar a actividade deberán deixar todo limpo, tanto de posibles manchas como de calquera outro tipo de resto, depositando a lixo producida en bolsas ou sacos pechados nos contedores habilitados para tal fin por todo o recinto.



- Todos os postos que se dediquen á alimentación ou utilicen pechamento terán que dispoñer dun botiquín de primeiros auxilios, e todos os que utilicen lume (cociñas, carbón..) deberán ter obrigatoriamente un extintor eficacia 21A-113B.
- Os postos terán que ter a vista un cartel de prezos.

2. Condicións de participación

- A apertura do mercado será o sábado ás 11:00 e pecharase ás 23:00, e o domingo será de 11:00 a 22:00
O horario para a circulación de vehículos para descargar será ata as 9:30 de ambos os días.

Darase media hora despois da hora de peche para recoller. Quen non cumpre o horario, perdera a fianza depositada.

- A montaxe dos postos, farase o día 12 de Maio de 2023 de 16:00 a 20:00, a persoa que monte fóra desas horas, a organización terá potestade de levantar o posto e non permitir a participación.
- As persoas que atendan o posto irán vestidos conforme a época na que esta ambientada a festa en Bouzas.
- No posto deberá estar colocado o cartel que se lle dará á persoa responsable.
- Todos os postos deberán estar ambientados e adornados con elementos e materiais propios da época na que transcorre a festa (principios do século XIX, ano 1809) disimulando todo o material moderno, de plástico, metal que se empregue para a súa construción, **empregando para tal fin materiais tradicionais como tela de saco, palla ..**
- Quedan prohibidos as carpas industriais, os toldos plásticos, os remolques, as barras, equipos de música, calquer electrodoméstico grande ou pequeno. So se permite planchas ou fornos a gas butano.
- Os postos que teñan planchas, deberán cubrir as ditas planchas con material de madeira, para evitar o contacto da xente e posibles queimaduras.
- Non se permite publicidade (pancartas, carteis, bandeiras..) que non teñan relación coa festa.



- Antes da apertura do mercado, o sábado ás 10:00 da mañá, a persoa representante do posto terá que asinar a folia de rexistro facilitada polo representante da organización na que se validará as condicións de apertura do posto (hora efectiva de apertura, vestiario, adecuación, protección do soldo)
- Queda prohibido a utilización de planchas tipo "camping gas", a reventa do posto.

Non se respeta os sitios de anos anteriores, xa que a organización será a encargada de facer un plano de situación.

3. Seguridade e hixiene

- **As comidas e as bebidas serviránse única e exclusivamente en envases de cartón.** Prohíbese expresamente a utilización de materiais de vidro ou metálicos para tal fin, incluídos pratos, coitelos.
- Por cuestións de hixiene, prohíbese a reutilización de vasos. **A organización porá á disposición dos postos, vasos dun só uso co logotipo da festa.**
- Tódolos produtos e as caixas que os conteñan illados do solo.
- Prevención de contaminación cruzada: a superficie do posto estará limpa e ordenada.

4. Disposicións derradeiras

- Queda totalmente prohibida a venda de alcohol a menores de idade, sendo responsable única e exclusivamente do solicitante do posto.
- A organización non se responsabiliza do posible deterioro, furto ou perda do material ou mercadoría, polo que recomendo a súa retirada durante a noite.
- A organización declina no posto vendedor, toda responsabilidade sobre a calidade, composición, manipulación, elaboración ou prezo dos produtos expostos ou vendidos, así como as condicións laborais das persoas que participan.
- Por motivos de seguridade, a orde e a limpeza poderase modificar o plano de situación dos postos o propio día da festa.



- O incumprimento de calquera punto destas bases suporá a perda total da fianza e o abandono da festa por requirimento da organización, debendo os participantes respetar as accións de validación e de supervisión do persoal da organización.

As incidencias en materia de instalación dos postos será resolto pola organización de modo motivado, tendo en conta para as seguintes edicións, as incidencias que puidesen acontecer.

- A Fianza será devolta si se cumpre todos os puntos das bases.
- A solicitude dun posto para participar na festa suporá a aceptación total destas bases.

Festa
da
Brincadeira